

Concello de Viveiro

NOTA INFORMATIVA

O pasado luns, 11 de maio de 2020, tivo lugar a reunión interna convocada pola Alcaldesa de Viveiro cos corpos e forzas de seguridade -Garda Civil, Policía Nacional e Policía Local- para unificar criterios con respecto á flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidad.

Dende o goberno municipal quérese lembrar aos veciños e veciñas de Viveiro as seguintes cuestións con respecto ás saídas permitidas e franxas horarias, para dar paseos, practicar deporte non profesional e acudir ás terrazas, nesta fase 1:

- No núcleo de poboación de Viveiro mantense a franxa horaria, fixada do seguinte xeito:
 - Os maiores de 14 anos e menores de 70 poden pasear e facer deportes de 06:00 a 10:00 horas e de 20:00 a 23:00 horas.
 - Os menores de 14 anos poden pasear de 12:00 a 19:00, cun máximo de tres nenos con cada proxenitor ou adulto a cargo.
 - Os maiores de 70 anos e as persoas dependentes, acompañadas por un cuidador, poden saír de 10:00 a 12:00 horas e de 19:00 a 20:00 horas.
- Nos demais núcleos de poboación do municipio non existe esta restricción horaria, polo que os seus veciños e veciñas poderán saír unha vez ao día para dar paseos, practicar deporte non profesional e para os paseos dos menores de 14 anos entre as 6:00 e 23:00 horas.
- No caso dos paseos, a distancia máxima permitida dende o domicilio é de 1 km; no caso da práctica de deporte non profesional, non se poderá saír do termo municipal. Os paseos da poboación infantil tamén están limitados á realización de un paseo diario, cunha duración máxima de unha hora e cunha distancia non superior a un quilómetro con respecto ao domicilio do menor.
- Non existe limitación ou franxa horaria para acudir a unha terraza, dentro dos horarios establecidos para as mesmas. Os nenos tamén poden ir ás terrazas, pero deben estar xunto co adulto responsable dos mesmos, sen xogar nas inmediacións. Solicítase a colaboración dos propietarios das terrazas para velar polo cumprimento das distancias sociais e evitar aglomeracións, incluso nas colas de espera.

Tamén se quere recomendar aos veciños e veciñas de Viveiro que, no caso de consultas médicas, se realicen sempre que sexa posible consultas telefónicas, falando previamente co médico de cabeceira para que sexa el quen determine a necesidade ou non de acudir ao centro médico.

Finalmente, dende o goberno municipal, quérese apelar á responsabilidade de todos os veciños e veciñas para que en todo momento se sigan as recomendacións das autoridades competentes, se garden as distancias de seguridade e se eviten aglomeracións de persoas. É moi importante lembrar que seguimos en estado de alarma, polo que continúa sendo necesario extremar as precaucións e cumprir de maneira exhaustiva as medidas recollidas nesta primeira fase da desescalada.

Viveiro, na data que consta á marxe.
A Alcaldesa
María Loureiro García

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

